

A D.O. Ribeira Sacra pecha con 6.659.286 quilos, a terceira vendima máis produtiva da súa historia

Despois de 51 días de vendima, a D.O. Ribeira Sacra alcanza os **6.659.286 quilos**. O ano pasado o final da vendima foi nas mesmas datas, con **6.092.707 quilos vendimados**. Este ano os controis de maduración levaron ao pleno do C.R.D.O.R.S. a fixar como data recomendada para o inicio oficial da vendima, o **14 de setembro**, aínda que algunhas adegas en determinadas zonas comezaron con vendimas puntuais o 22 de agosto.

Nesta vendima 2023 contábase **con 1.971 viticultores rexistrados, 1.307 hectáreas e 89 adegas** que recolleron as seguintes cantidades por variedade de uva:

Variedades tintas

- Mencia 5.211.818 quilos**
- Garnacha 259.800 quilos
- Sousón 96.259 quilos
- Merenzao 67.841 quilos
- Brancellao 62.092 quilos
- Caíño tinto 36.753 quilos
- Tempranillo 35.487 quilos
- Mouratón 7.275 quilos
- Grao Negro 2.010 quilos

Variedades brancas

- Godello 699.031 quilos**
- Albariño 97.560 quilos
- Treixadura 63.663 quilos
- Dona Branca 8.149 quilos
- Loureira 5.191 quilos
- Branco Lexítimo 4.287 quilos
- Torrontés 2.070 quilos



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 13 de outubro 2023

A campaña 2023 convértese así na terceira máis abundante da historia da D.O. Ribeira Sacra, despois da vendima 2019, previa á pandemia con 7.262.831 quilos e o 2011 que case chega aos 7 millóns de quilos.

O **Presidente do C.R.D.O.R.S., Antonio Lombardía**, valora así a campaña, “Sabiamos que había moitas uvas nas viñas. A climatoloxía foi moi boa para a recollida do branco e máis complicada para recoller o tinto, e aínda así temos unha colleita de gran calidade e importante cantidade”.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirosacra.org